

ANUNCIO: INSTRUCCIÓN PRESIDENTA TRIBUNAL BOLSA DE ADMINISTRATIVOS

D^a. Cristina Garay Aguirre, en calidade de Presidenta titular do Tribunal cualificador do proceso selectivo enriba referido, de conformidade ao establecido polo Decreto de Alcaldía nº 1848/2020, de 23 de xullo de 2020 dispón:

PRIMEIRO.- Proceder ao chamamento dos membros do tribunal seleccionador, para a súa constitución presencial reiniciando o proceso selectivo, o **vindeiro 12 de novembro 2020, ás 8:30** horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

SEGUNDO.- Proceder ao chamamento de aspirantes aptos/as do primeiro exercicio, para realización presencial do segundo exercicio da fase de oposición na mesma data, **12 de novembro 2020, ás 11:30 horas no Pazo dos Deportes**, sito en Avda. Arsenio Iglesias, s/n - 15402 - Arteixo (A Coruña).

TERCEIRO.- Determinar, como **MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SEGURIDADE** de obrigado cumprimento na data de celebración do 2º exercicio, as seguintes:

- Os/as aspirantes convocados/as deberán acudir ao chamamento, na explanada exterior do Pazo dos Deportes **sen acompañantes**, salvo casos de forza maior e necesidade acreditada
- O chamamento producirase na explanada exterior, debendo os/as aspirantes gardar entre eles a **distancia de seguridade** ata o momento de chamamento para entrar no recinto de exame
- Os/as aspirantes deberán vir provistos **obrigatoriamente de mascarilla** quirúrxica ou equivalente (fpp2 homologada). No control de acceso, os membros do Tribunal quedan habilitados para solicitar a substitución dunha mascarilla non quirúrxica, facilitando unha municipal ao opositor/a. A negativa de uso obrigatorio de mascarilla ou de substitución da mesma pola mascarilla quirúrxica facilitada, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como "Non presentado/a"
- Os/as aspirantes deberán vir provistos do seu propio **bolígrafo azul** e demais material de escritura que consideren necesario
- Os/as aspirantes deberán hacer uso obrigatorio do **xel hidroalcohólico** posto a disposición á entrada e á saída do exame
- Pola excepcional situación sanitaria, considerarase **causa de forza maior** a inasistencia ao chamamento por situación de aillamento preventivo determinado polo SERGAS, corentena por PCR positivo e calquera outra análoga. Deberase acreditar tal circunstancia, con carácter previo e documentalmente vía email ao departamento de persoal ou rexistro de entrada ou sede electrónica. O Tribunal analizará cada unha das situacións, a fin de determinar a procedencia dun novo chamamento posterior para estes casos
- Tras a finalización do exame, os/as aspirantes abandonarán o recinto de exame segundo se lles vaia **ordenando a saída**, debendo abandonar as instalación e evitando en todo momento, aglomeracións de persoas que non respeten as distancias de seguridade interpersoal
- O Tribunal reservase a adopción de medidas complementarias de control no acceso, como **lectura de temperatura** aos/ás aspirantes, non permitindo o acceso daqueles/as que presenten temperatura superior aos 37'5º e calquera outra que se considere procedente segundo as instrucións sanitarias do momento, contando se fora preciso co asesoramento do Servizo de Prevención

Procédase á publicación da presente, co prazo mínimo de 15 días hábiles antes da data de chamamento, 12 de novembro de 2020, dando traslado ao departamento de persoal para os trámites correspondentes.

Asinado dixitalmente: Cristina Garay Aguirre, en calidade de Presidenta titular do Tribunal